


Antes de realizar as tarefas, é importante que leamos esta información.

Os estados da materia

A materia pódese encontrar na natureza principalmente en tres estados: **sólido**, **líquido** e **gasoso**.

Os **sólidos** teñen unha forma e un volume fixos. Por exemplo, un libro ten a mesma forma e ocupa o mesmo espazo aínda que se cambie de lugar. A madeira, o ferro ou o plástico son sólidos a temperaturas normais.



A forma dos corpos sólidos non varía.

Os **líquidos** teñen un volume fixo, pero a súa forma pode variar, porque se adaptan á forma do recipiente que os contén. A auga, un zume, o aceite ou un refresco son substancias que se encontran normalmente en estado líquido.




Cando se bota auga dunha xerra a un vaso, a auga adopta a forma do vaso.

A continuación, debeses inficar se os seguintes materiais son sólidos, líquidos ou gasosos e como son a súa forma e volume.

Obxectos	Sólido, líquido ou gasoso?	Forma	Volume
	Sólido	Fixa	Fixo
 O café presente nesta cunca			







O vapor que sae desta cunca





O leite presente neste vaso









As laranxas



O zume presente no vaso



A auga da botella



E dos líquidos e dos gases?

1 Por que palabra substituirías cada unha das seguintes expresións?

- Encher o recipiente onde se atopan.
- Escapar do recipiente por algunha abertura.
- Mesturarse facilmente entre outros gases.

Expandirse



Difundirse

Fluír

2 Agora que coñeces ben cada significado, non terás ningún problema para completar este cadro marcando cun X as características propias de cada estado da materia.

CARACTERÍSTICAS	SÓLIDOS	LÍQUIDOS	GASES
Teñen forma fixa			
Teñen forma variable			
Expáñdense			
Comprímense			
Difúndense			
Flúen			
Son invisibles			

3 Investiga ti mesmo se os líquidos e os gases se poden comprimir.



- Enche de auga unha xiringa e tapa co dedo o extremo aberto. Empuxa o émbolo. Comprímese a auga?

.....

- Elimina a auga e leva o émbolo cara atrás para introducir aire. Tapa co dedo e empuxa o émbolo. Comprímese algo o aire?

.....